

## Maíz e espantallos para continuar coa tradición

*A parroquia de Covas non descansa no seu empeño de recuperar as tradicións agrícolas. Unha tarefa que comezou en xaneiro do ano pasado coa plantación de trigo e que rematou varios meses despois coa Festa do Pan, elaborado artesanalmente e con produtos 100% "made in Covas". A iniciativa tivo tanto éxito que o pasado mes de febreiro os veciños do lugar voltaron saír ó campo para repetir a experiencia e sementar tres novos ferrados de trigo.*

Pero non só de trigo vive o home. Por elo, a AVV de Covas voltou onte sacar os arados ó campo, pero nesta ocasión para sementar millo.



Nenos e maiores colaboraron nas tarefas de semente na parroquia de Covas CARLOS CARBALLEIRA

Arredor de trinta persoas, entre cativos e maiores, participaron nesta nova cita coa agricultura. Familias enteiras, avós, fillos e netos traballaron durante toda a mañá para sementar tres ferrados de terra con oito quilos de millo. Axudados por un cabalo e ataviados con sombreiros de palla e algunha pañoleta para protexer a cabeza do sol, os novos "agricultores" remataron con éxito a plantación. Agora queda esperar.

Pero, a cousa non queda aí, porque onte Covas deu un paso máis no que a recuperación de tradicións agrícolas se refire. Da man da compañía Ti e Máis Eu Teatro chega a Ferrol o movemento "Artespantallo", unha iniciativa que nace coa intención de recuperar a figura do espantallo como "elemento fundamental da paisaxe rural galega". Onte na leira de Covas quedaron "plantados" os cinco primeiros espantallos dun proxecto que Ti e Máis Eu Teatro porá en marcha a partir do ano que vén. Polo de agora están a realizar unha campaña de promoción pero a súa intención é chegar a realizar unha ruta turística polo rural tendo como fío condutor os espantallos. Preténdese, deste xeito, eliminar os elementos artificiais (botellas, plásticos, cedés,...) que a día de hoxe se utilizan para afastar os animais das leiras. "Artespantallo" é un movemento que naceu en Pontevedra ó abrigo da asociación A Cañada da Arte, de Covelo. Ti e Máis eu Teatro foi a compañía elixida para expandir o proxecto en Ferrolterra. Josefa Deibe, presidenta da formación, participou onte na semente de Covas coa intención de comezar a promocionar o proxecto. A súa vontade é participar en todas as iniciativas deste tipo achegando diferentes actividades culturais (contacontos, títeres, teatro...) co obxectivo de implicar a todo o mundo na recuperación destas tradicións.

A intención da AVV é mostrar e recuperar todo o proceso agrícola. Onte deuse o primeiro paso pero aínda restan por diante varios meses nos que os veciños terán que encargarse de coidar a leira. Haberá que sachar a terra e arrincar as malas herbas que poden impedir que o millo saía ben e despois chegará o momento da recollida e a esfolia. Por último, haberá que desgranar as mazorcas e ir ó muíño con elas para ter fariña e con ela elaborar pan totalmente artesanal. Unha vez concluído todo o proceso -co trigo farase o mesmo- a intención da asociación veciñal e celebrar unha nova edición da festa do pan. Un pan que pode presumir de ser 100% natural xa que en Covas non utilizan ningún tipo de abono artificial para o cultivo do trigo e do millo.

Pablo Villamar, vicepresidente da Deputación da Coruña, acudiu onte en representación da institución provincial ata Covas. Alí destacou o carácter lúdico e didáctico da actividade sinalando a continuación que "a agricultura hai que valorizala e prestixiala". "Este tipo de iniciativas son moi importantes para amosar ós nenos as tradicións porque ás veces teñen a impresión de que as cousas nacen no supermercado", explicou.